



Palas de Rei (a Pallatium Regio do Codex) – Castañeda (a Castaniolla do Codex)

Dende Portomarín xa é coser e cantar ata Compostela. Se ben me aseguran que temos que pasar por unha paraxe, Felpos –non lonxe de Palas de Rei–, en que hai poucos anos “as xentes de Alvaro Sánchez de Ulloa asaltaban a quen transitaba polo Camiño de Santiago, someténdoo a todo xénero de violencias e exaccións, ata que o arcebispo don Berenguel decidiu por couro a aquela guarida de malfeitores”. Agado que se mañán sucedera tal cousa, os Ulloa do monte Losorio nos defenderían porque estes Monterrei, segundo as miñas contas, son os que fundaron o hospital de Libureiro. Tamén teño que facer memoria para non esquecer, na hoxpedería, a pedra de cal que depositarei en Castañeda, despois de pasar por Melide. Cando se transite a ponte de Castañeda, pouca cousa nos alonxará de avistar as torres da Catedral do Mestre Mateo.

Geoffroy de Buletot.

Lugares polos que se pasa:

Palas de Rei, Carballa de Arriba, San Xulián do Camiño, Pallota, Pontecampaña, Campanilla (última aldea de Lugo), **Casanova, Leboreiro, Río Seco, Furelos, Melide, Santa María de Melide, Raido, Parabispo, Boente, Castañeda.** Ao longo de tres concellos: **Palas, Monterroso e Antas de Ulla.**

Palas de Rei – Casanova 5.8 Km:

Dende o *Campo dos Romeiros*, Avanzamos cara o río Roxán para entrar en Carballal de Arriba coa igrexa de San Sebastián e seguimos a San Xulián do Camiño cunha igrexa románica do s. XII e un cruceiro. A lenda recollida por Jacopo della Voragine, haxiógrafo dominico italiano, narra na súa *Legenda aurea* que Xulián, cando era soldado, matou aos seus pais por erro e, para redimir a culpa, dedicará o resto da súa vida a atender os peregrinos nun hospital ata que un día un Anxo lle fai unha visita para transmitirle o perdón divino.

Pasamos o lugar de Pallota e baixamos cara o río Pambre, a Pontecampaña

Máis ao sur están os célebres Pazos de Ulloa, que inmortalizara en 1886 a escritora Emilia Pardo Bazán dentro da corrente naturalista autóctona, con descrições minuciosas, case fotográficas, da realidade no rural decimonónico. Tamén, fóra do Camiño, está o [castelo de Pambre](#) mandado construír por Gonzalo de Ulloa a finais do século XIV.

Casanova - Leboreiro 3.4 km:

Casanova pertence á parroquia de Mato. Baixamos ata cruzar o Rego do Vilar e chegamos a Porto de Bois, escenario da batalla entre as tropas de Enrique de Trastámara e as do Conde de Lemos, afín a Pedro I o Crú e que se saldou coa derrota do conde. De aí, iremos a Campanilla –última aldea de Lugo- para chegar a O Coto e, deseguido, a Leboreiro (Campus leporarius do Codex ou campo das lebres) onde podemos ver un cruceiro que preside a Rúa Maior, un Cabazo dos poucos que quedan feitos con pólas de salgueiro entrenzadas e cuberta de palla, a igrexa de Santa María, con elementos de fábrica románica de transición como o tímpano da portada e pinturas murais do s. XVI, e o vello hospital de peregrinos, chamado Casa da Enfermería e fundado polos Ulloa no s. XII.

Leboreiro - Furelos 4 Km:

Pasando o Río Seco pola ponte medieval (S XIV) da Magdalena e o aserradeiro, pasamos unha fermosa carballeira (con algúns eucaliptos) que baixa cara o río Furelos e que salvaremos por unha ponte medieval de catro ollos (s. XII). Na igrexa de San Xoan podemos selar as credenciais.

Furelos – Melide 1.9 Km:

Chegamos a Melide, considerada o centro xeográfico de Galicia. Repoboada por Alfonso IX no século XIII, contén varias xoias monumentais:

Capela de S. Roque que conserva a portada da primitiva igrexa románica de San Pedro.

Cruceiro gótico: do s. XIV, considerado por Castelao na súa obra “As cruces de pedra na Galiza” como o máis antigo de Galicia. Situado a carón da Capela de S. Roque, amosa no anverso ao Cristo Maiestático coas mans alzadas e un pano tapando as pernas. O reverso representa o Calvario con Xesús, María e S. Xoán.

VIA AURIA

7ª ETAPA: PALAS DE REI - CASTAÑEDA

18 de setembro de 2010

[Igrexa de Sancti Spiritus](#): fundación franciscana do s. XIV, con sartegos do XV.

[Igrexa de Santa María](#): románica, conserva a mesa de altar románica e uns frescos do s. XVI que representan o misterio da Trindade.

[Hospital de peregrinos](#), do s. XIV, sede actual do Museo da Terra de Melide. Está documentado que o Hospital chegou a acoller ata 24 leitos de dúas prazas cada un.

[Lazareto](#) (desaparecido): estaba á beira do río Lázaro.

[Museo da Terra de Melide](#): ([visita virtual](#))

Da importancia como cruce de camiños dende época medieval da conta que Melide era ademais o punto onde se encontraban os peregrinos do Camiño Francés cos que pasando por Ribadeo, Vilalba e Sobrado visitaban primeiro a imaxe do Salvador no altar maior da Catedral de Oviedo. Xa o decía o conto: "quen vai a Santiago e non ao Salvador, visita ao criado e deixa ao Señor".

Melide – Boente 5.6 Km:

A igrexa de Santiago de Boente conserva unha ventá e dous capiteis do s. XII.

Boente – Castañeda 1.2 km:

Algúns peregrinos recollían unha pedra calcárea nas canteiras de Triacastela para deixala nos fornos de cal de Castañeda, onde se preparaba a argamasa da Catedral compostelá.